

**XX CARREIRA PEDESTRE
CONCELLO SAN CIBRAO DAS VIÑAS
CTO. PROVINCIAL DE 10 KMS EN RUTA
17 de Decembro de 2023**



SAÍDA E META

PISCINAS MUNICIPAIS DE PONTE NOALLA

(Lugar a Ponte Noalla, 10, 32915 A Ponte Noalla, San Cibrao das Viñas – Ourense)

O Concello de San Cibrao das Viñas organiza coa colaboración da Delegación Ourenseana de Atletismo a **XX Carreira Pedestre de San Cibrao das Viñas**.

A comisión técnica está formada por:

- Marta Nóvoa Iglesias (alcaldesa do concello).
- Javier González Fernandez (concelleiro de deportes do concello).
- Juan Otero Rodríguez (coordinador de deportes do concello).
- Manuel Souto Cortizo (Organización).
- Jorge Cid Perez (Organización).
- Jose Manuel Iglesias Rodríguez (Organización).

INSCRICIÓN

Presenciais: Runmaniak (Rúa Samuel Eiján, 9 - baixo, 32003 Ourense) ata o martes 13 de decembro ás 20:00h.

On-line: a través da plataforma de inscrición da F.G.A <https://www.carreirasgalegas.com> ata o xoves 14 de decembro ás 23:59h.

Carreira de adultos: está limitada a 400 participantes e a colaboración coa carreira será de 8€ ata o domingo día 3 de decembro as 12:00 horas e 10€ dende o día 4 ata o día 14 de decembro.

Carreira de escolares: está limitada a 100 participantes e a colaboración coa carreira será de 2€.

Carreira de pitufos: non ten límite de participación e as inscricións son gratuítas

INFORMACIÓN

<https://www.carreirasgalegas.com>

www.sancibrao.es

Teléfonos: 608275776 - 680135711

HORARIOS

11:30 horas: saída carreira adultos nados no 2005 e anteriores (2 voltas de 5kms)

11:35 horas: saída carreira escolares do 2006 o 2015 (1 volta de 2,5 kms aprox.)

13:00 horas: saída carreira pitufos (1 volta 300mts aprox.)

13:00: Ágape para os participantes

13:15 horas: entrega de trofeos ós escolares e sorteo de vales os pitufos

13:30 horas: entrega de trofeos adultos e sorteo de agasallos

REGULAMENTO XERAL

A Carreira Pedestre do Concello de San Cibrao é unha proba incluída no calendario oficial de probas en ruta da Federación Galega de Atletismo con distancia homologada de 10.000mts. A organización contará co asesoramento da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo, o Comité de Xuíces e a colaboración de organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ó longo de todo o percorrido.

- 1. SAÍDA E META:** estarán situadas nas piscinas municipais de ponte Noalla, nas inmediacións do Polígono de San Cibrao das Viñas. As coordenadas da saída son as seguintes:

GPS (WGS84) 42°17'01", 7°50'15"O - UTM x:595802 y:4681920

2. **DORSAIS E CHIPS:** a recollida de dorsais e chips efectuarase na secretaría da competición o día da proba ata media hora antes da saída de cada carreira.
3. **CLASIFICACIÓNS:** será absoluta e por categorías. Os premios son acumulables. A carreira da categoría Pitufos non é competitiva e non se entregarán premios ós vencedores/as.

4. **DESCUALIFICACIÓNS:**

Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular éste, falsificar datos persoais, competir co dorsal ou chip de outra persoa, correr con cascos ou non levar o chip durante toda a proba.

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

Os atletas con licenza federativa terán que aterse ó regulamento de Disciplina Deportiva en vigor. Os atletas con licenza federativa pola FGA deberán competir coa camiseta oficial do seu clube.

5. **PECHE DE CONTROL:** o control de chegada pecha 40' despois de que entre o primeiro corredor clasificado.

6. **SERVIZOS EN CARREIRA:** o percorrido estará sinalado cada km. Os abastecementos estarán situados no kilómetro 5 de carreira e á chegada no recinto das piscinas municipais de Ponte Noalla.

7. **SEGURO:** todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará

as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos. As persoas non inscritas oficialmente e que tomen parte da carreira a modo particular, sen ser autorizadas polo organizador, non están amparadas polos seguros da proba. A FGA non se fará responsable dos danos que estas persoas podan causar ou causarse.

8. PREMIOS CARREIRA POPULAR: establécense os seguintes premios:

- a. 180€ - 150€ - 120€ ós 3 primeiros clasificados e clasificadas absolutos/as en material deportivo.
- b. Chaqueta exclusiva para ó gañador e gañadora absolutos da proba.
- c. 75€ ós tres primeiros e tres primeiras clasificados/as do Concello de San Cibrao das Viñas en material deportivo (imprescindible estar empadroado no Concello de San Cibrao das Viñas).
- d. Premio especial ós tres primeiros e tres primeiras traballadores/as do Polígono de Barreiros e San Cibrao das Viñas.
- e. Vale de sesión de fisioterapia para o primeiro e primeira empadroado e empadroada no Concello de San Cibrao das Viñas.
- f. Vale de sesión de fisioterapia para o primeiro e primeira traballador e traballadora no Concello de San Cibrao das Viñas.
- g. Medalla e Trofeo aos 3 primeiros e primeiras clasificados/as en cada categoría.
- h. Obsequio conmemorativo “20 Aniversario” para todos os/as participantes inscritos.
- i. Medalla e agasallo para todos os Pitufos participantes ata esgotar existencias e sorteo de un vale de 60€ en material deportivo para neno e outro para nena.
- j. Sortearanse numerosos agasallos, dúas bicicletas e produtos gastronómicos, etc.

9. PARTICIPACIÓN DE ATLETAS EXTRANXEIROS E DOUTRAS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS: rexeranse polas normas recollidas no REGULAMENTO DE COMPETICIÓNS TEMPADA 2023 RFEA.

<https://atletismorfea.es/sites/default/files/2023-04/Reglamento%20de%20Competición.pdf>

CAPÍTULO SEGUNDO: DE LAS CATEGORÍAS DE LAS COMPETICIONES

10. CATEGORÍAS: establécense as seguintes categorías:

Carreira de escolares:

A) Sub10: 2014 e 2015

B) Sub12: 2012 e 2013

C) Sub14: 2010 e 2011

D) Sub16: 2008 e 2009

E) Sub18: 2006 e 2007

Distancia a percorrer: 2,5 kms.

(1 volta)

Carreira de adultos:

F) Sub 20-23: 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005

H) Sénior: 2000 ata Máster

I) Máster A: de 35 a 44 anos

J) Máster B: de 45 a 54 anos

K) Máster C: de 55 a 64 anos

L) Máster D: de 65 anos en adiante

Distancia a percorrer: 10 kms.

(2 voltas)

Carreira de Pitufos:

2016 e posteriores

Distancia a percorrer: 300 mts aprox.
(circuito terra zona gimnasio municipal)

11. RECLAMACIÓN: poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba non máis tarde de 30 minutos despois de publicarse oficialmente os resultados. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. O non recollido no mesmo resolverase de acordo, por esta orde, as norma da FGA, RFEA e WA en vigor.

12. SERVICIOS AO FINALIZAR A CARREIRA: a Organización obsequiará cun ágape a todos os/as participantes da proba. Haberá vestiarios e aseos para home es mulleres e servizo de duchas. Non haberá gardarroupa.

13. ACEPTACIÓNS: o atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito. Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

14. ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

15. NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.